

Romaxe 2016

Alexandre Bóveda sobe ao Monte Seixo



A foto que fala

○ reformismo posto en práctica



O trasno Conservar innovando: o dilema das Fachas

Daniel López Muñoz



O folión das fachas ou a queima das fachas (así en feminino, que en galego indica tamaño grande) celébrase en Castelo (Taboada), no cume do Castro, o sete de setembro. E tamén, días despois, no Castro da Besta, parroquia de San Martiño de Vilelos (O Saviñao), no último venres de setembro.

Dá que soñar cun pasado castrexo, cunha Ribeira Sacra acendida, de castro en castro, no equinoccio de setembro, como querendo recordarlle ao sol outonizo que non teña présa en marchar, que ten que rematar a faena

porque a colleita precisa aínda del, na súa aparente febleza.

A secuencia é impresionante. Os elementos comunitarios sorprenden. A vontade da parroquia toda por gardar a tradición é exemplar. Comeza, por parte de cada familia, por unha recolección nos meses de verán, polos soutos adiante, dos agucios (esa planta rechamante,

con aspecto tropical, que noutros sitios de Galicia chaman abrótega ou tamén lumbrieiro). Despois, a seca deste material, que disque ten un aquel oleoso que terma ben do lume. As casas van preparando as súas fachas - de trinta a corenta vai habendo-, enormes, que se transportan e espetan no bordo de fóra do chan do castro. O acendido no medio da noite ten, non hai que explicalo, unha carga máxica difícil de igualar. A competencia por ver que facha, a de que casa, arde mellor e cal dura máis, dálle ese punto de xogo e picardía que nos fai máis divertida a convivencia.

A cousa ten moito aquel. Chamaría por favorecer unha atmosfera de abraio e reconciliación coa terra e o ceo, co pasado común que a se afunde no tempo. Chama polo xantar compartido, unha paparotíña para celebralo. E xa se foi incorporando.

Porque o bonito é conservar con xeito. Pois a cousa tamén chamaría pola música con raíz, de acá. Porque a ver, meus, tendo tres días de festas, escoller o *Combo Dominicano* para que anime no castro a noite das Fachas... é todo un desafío a Breogán. Por Tutatis! Que diría Obelix, rexurdindo da terra no medio do baile.

Se tivesen este patrimonio inmaterial noutro punto da Europa céltica farían del unha referencia da tradición local. Do xenuíno. E innovarían, posiblemente, pero sen toldos de plástico nin salsa caribeña. Así que estamos no de sempre: se declarar as Fachas Festa de Interese Turístico Galego (Xunta) e subvencionalo (Deputación) consiste niso, estamos no principio da fin. Xa volo dixen ben veces: en cando oiades a un político ao uso dicir “poñer en valor” é o momento de botar a correr.

Editorial Ninguén dixo que fose fácil... nin agradecido

No momento en que escribimos isto as sondaxes sobre as eleccións galegas anuncian o que anuncian e a campaña electoral comeza a coller certa temperatura. Descoñecemos, polo tanto, o final da película. Pero non queremos deixar de agradecer a todos os galegos e galegas que fixeron un esforzo persoal por intentar mellorar a nosa realidade política, a maneira de sermos gobernados, con máis igualdade, con menos corrupción, con máis autoestima: a de sermos parte desta Matria para a que queremos un futuro de seu. A todos aqueles que deron o paso de se presentar ou traballar en campaña, dando o salto desde as organizacións solidarias, desde os movementos sociais, desde comunidades de base, desde a militancia pola lingua, polo medio ambiente, pola economía solidaria...ou desde a súa profesión, desde o traballo ben feito. Boa travesía e boa arribada!

a política electoral ten unha compoñente canalla

“Meterse en política” implica ensuciar os pés, pisar lama, expoñerse. Se se fai desde a honestidade e o servizo ten un especial mérito. Porque a política electoral ten unha compoñente canalla.

Podes ser un excelente profesor, un reputado xuíz, un profesional sen chata e as sondaxes din que non tes o perfil gañador porque “non es abondo coñecido”. Semeilla que o que conta é dar espectáculo, sexa o que sexa, ou estar omnipresente nos medios de comunicación subvencionados.

Podes elaborar propostas construtivas e valentes en clave de país, en liña cunha traxectoria de décadas, e non teres peso, porque parece que ese “peso” se adquire polo número de emocionadas veces nas que o candidato de perfil gañador -o único presidente que lexislou contra idioma galego na historia da Galicia autónoma- pronuncia con emoción a palabra “Galicia” por cada liña de texto.

Meterse en política, mesmo coa mellor intención, é quedar ao pé dos cabalos. Fronte ao escrutador foco dos medios. E fallos sempre vai haber. E a esquerda ten un problema serio: demasiado cainismo (o de Abel Caballero é simplemente vergonzoso), demasiado purismo e cabreo fácil. E demasiada dependencia do voto indignado (mesmo por veces túzaro). Por iso a abstención é, normalmente, unha mala nova para os que queren o cambio, xa que o voto da dereita é perseverante e sólido. O cal, por outra parte, debería darnos que pensar.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

E foi alá outra Romaxe. E van alá 39 e imos camiño da 40. O tempo non acompañou e, de feito, coas crianzas tiven que marchar no medio da celebración. Pagou a pena? Sen dúbida. Só por vervos a todos aínda que sexa uns minutos. Ese cheiro a festa e a bo ambiente encheu os nosos pulmóns e a música de a Quenlla soubo a pouco. A romaxe 40 ten que ser unha boa festa.

Non tería sido fácil chegar ata o monte Seixo de non ser por un traballo do que non nos decatamos. É o traballo calado da xente dos lugares nos que nos acollen. Foi un detalle que os carteis fosen rechamantes para que os condutores os atopásemos doadamente. Ese pequeno detalle abofé

que é significativo do que é unha romaxe. Para ter unha romaxe é preciso unha mancha de pequenos detalles que nos levan á festa. Pensade os que viñestes no autobús o traballo de quen encargou o autobús, recolleu os cartos, chamou á empresa de autobuses... Pensade nos que encargaron as fotocopias do libro da romaxe. Pensade nos que deseñaron o medallón. Pensade en quen estaba ás oito da mañá para recibir aos do son...

En educación estase a falar moito de traballo cooperativo. Está ben facer as cousas de xeito colaborativo. Que cada quen vaia poñendo o mellor de si mesmo e un pouquiño cada un. Imaxinade que o que creou isto das romaxes botase todo ás súas costas



e non participara na organización ninguén máis. Agora non habería romaxe. Longa vida aos romeiros do alén.

1



3



2



4



A peneira

1

Volvemos a **CERDEDO**, ás aldeas de Revolta e Cavenca, a participar nas V Olimpíadas Populares Galegas, o 24-25: aloita galega, billarda, salto de lonxitude, tiro de corda, triatlón por equipos e, este ano, tamén regueifas, buscando o deporte participativo e solidario.

2

O 6-7 é o Congreso "As nacionalidades de entreguerras" en Compostela: os movementos nacionalistas de Europa Central e Oriental, e algúns da Occidental, e grupos que reivindicaban linguas e culturas dende Frisia e Gales a Galiza e Sardeña. Coincide cos cen anos da primeira organización nacionalista galega, as **Irmandades da Fala**.

3

San Francisco, o 4, convida a confraternizar co irmán lobo. En Galiza envelenaron ben deles. O IV Congreso do **LOBO** (no Instituto de Castelo Branco, do 27 ao 30), urxe a respectar os espazos, gardando o mesmo territorio, arestora falto de alimentación.

4

Outubro comeza co Día Mundial das **AVES**, que están a sufrir os excesos da luz artificial e a contaminación, sobre todo nas cidades cada vez máis prexudiciais á biodiversidade. Nas urbes tamén se volven máis agresivas ao ter que competir cos humanos polo espazo máis reducido, no que sofren anemia, hipotrofias...

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Urxe a formación en **IGUALDADE** en todo o ensino: non abonda con esa materia aprobada pola Xunta se non hai docentes preparados/as, cando o machismo está a medrar. No 1º trimestre as 112 denuncias semanais por violencia de xénero supuxeron 60 máis ca no 1º do 2015, que rexistrou 14 ao día.

6

O 8 é o festival *Pandeiretas contra metralletas* en Chantada, organizado pola Asociación de Solidariedade co **SAHARA**, un país ameazado por Marrocos cun poderío que machuca as liberdades, opoñéndose ao referendo de autodeterminación asinado pola ONU hai 25 anos. Na foto, un grupo de nenos acollidos en Galiza no verán de 2015.

7

O 26, Día para a Eliminación Total das Armas Nucleares, lembramos o 30º cabodano da traxedia da central nuclear ucráina de **CHERNOBIL**. Uns 70 nenos/as afectados por aquel escape conviviron con nós neste verán froito da xenerosidade dun colectivo que naceu en Ourense no 1995.

8

O **REFERENDO** pola paz en Colombia tamén o votan os seus cidadáns en Galiza, o día 2. As FARC optan polo diálogo sempre que se respecten os dereitos do pobo, despois de 52 anos de guerra con máis de catrocentas mil vítimas mortais, 25.000 desaparecidos e 10 millóns de desprazados

Economía San Froilán 2016, meigas fóra?

Pedro Pedrouzo Devesa



O San Froilán deste ano caeu enmeigado polas artes dunha bruxa que alterou os tranquilos plans dos hostaleiros que tradicionalmente se viñan facendo coa explotación das casetas e caldeiros de polbo sen competencia ningunha.

A sorpresa saltou o día no que se soubo que, en tres das catro casetas e nos catro caldeiros que se licitaban, había máis dunha oferta, algo que ata ese momento viña sendo pacificamente consentido, supoñemos que en base á sabedoría popular que pregoa que se algo funciona non o debes tocar. E, polo visto, as casetas dos *nosos* hostaleiros sempre foron un dos triunfos fixos do san Froilán.

Pero o Dereito Administrativo non sempre comunga coa sabedoría popular. E, aínda que postos a elixir, todo o mundo prefere aos *abusóns* propios que aos de fóra, a lei obríganos a competir, aínda que non queiramos. Cando manexamos cartos públicos estamos obrigados a abrir ao máximo as licitacións para conseguir, sobre o papel, a mellor oferta posible tanto para a Administración, que recada os fondos, como para o cidadán, que vai utilizar os servizos.

Hai veces en que simplemente atrasando unha licitación dificultas a concorrència. Parece difícil que en períodos curtos de tempo, coma é o caso, un adxudicatario deseñe e adquira a tempo todo o necesario para a posta en funcionamento dunha caseta. É normal que os que xa teñen as casetas doutros anos partan con gran vantaxe se non se licitan as cousas con tempo abondo para poder compensar esa vantaxe de partida, sobre todo se queremos aumentar a concorrència que, a simple vista, debera ser un fin necesario en toda licitación.

O problema é que cando non definimos ben unha licitación, é doado que se coen intrusos, aqueles que non teñen

demonstrado que teñen capacidade suficiente para executar ben un servizo. A iso chamámoslle solvencia. E sobre ela podemos comentar varios aspectos de todo o que se leva dicindo nestes días que se deben aclarar:

Pode un licitador facerse cunha adxudicación sen capacidade de obrar? Non. Debe ter a habilitación profesional requirida e ademais debe figurar esa actividade dentro do seu obxecto social como moi tarde no momento de presentar a oferta, que é algo que o seu representante debe declarar por escrito dentro da súa oferta.

A Unión Europea prohíbe a solvencia nas licitacións? Non. O que proscribe a UE é a solvencia abusiva, que é aquela que se dirixe a eliminar a concorrència nunha licitación. Un exemplo de solvencia técnica abusiva sería admitir unicamente aos licitadores que instalaron unha caseta de polbo nas festa do san Froilán dos últimos cinco anos. Sería abusivo e de traca, pero cousas parecidas xa se viron por aí. Iso non impide que se deba esixir algunha solvencia, como podería ser a de ter explotado casetas de restauración de tamaño análogo nos últimos cinco anos. Esa solvencia non é que se poida poñer, é que se debe poñer para evitar que empresas alleas ao sector, de seren adxudicatarias, poidan montar unha desfeita. Esa mesma solvencia se podería matizar simplemente pedindo experiencia no sector da hostalería e restauración por importe análogo ao que se agarda conseguir.

Tampouco ten que ser o prezo o único criterio de valoración, cando pode que nos interese tamén que nos presenten deseños de casetas innovadores, servizos especiais, ou calquera tipo de melloras que poidan contribuír a dar un mellor servizo. Aínda que tampouco está de máis recordar que o mellor impulsor da calidade dos postos fomos sempre os usuarios que premiamos ou castigamos coa nosa presenza as que mellor servizo nos foron dando nos últimos san froiláns.

Tampouco debemos obviar que presentarse a unha licitación simplemente para obter negocio, é dicir en fraude de lei, está máis cerca do Código Penal ca do Dereito Administrativo. O tempo dirá cales son as intencións dun empresario que quere facerse con todo o negocio do polbo do san Froilán (salvo unha caseta) presentando nas licitacións dúas ofertas separadas por un céntimo. Evidentemente haberá que revisar a forma de licitar futuras casetas e caldeiros. Mentres estaremos expectantes, aínda que este artigo chegará as vosas casas cando xa saibades o desenlace deste apaixonante episodio lugués empobado.



O peto común Romaxe do Monte do Seixo

Nunca tan preto do ceo. A XXXIX Romaxe agardou a todos nunha paraxe única. O Monte do Seixo, a montaña máxica, a porta do alén... Alí estaban doutra volta milleiros de irimegos, romeiros partillando o espírito de Irimia e as trinta e nove andainas pola Serra do Cando, cinguindo a Santa Mariña de fraternidade nun encontro de comunión coa Terra de Montes e a súa xente. Capitán Gosende e Canón de Pau, colectivos de Cerdedo e Cotobade, así como moita xente a nivel individual, prepararon con fervor unha Romaxe inédita que brindou emoción, loanza, reivindicación e amor a unha terra tan fermosa como esquecida. E nos case 900 m. de altitude non faltou a néboa outorgando a frescura que lembraba que o ceo estaba preto da man de Pepe Chao, Paco Carballo, Espiña, o Padre Sarmiento... e outros bos e xenerosos.



Os de Aguiño, os de Sobradelo e Trabanca, de Becerreá, Moaña, Praceres e Lourizán, Campañó, Vigo, Coruña e Ferrol... Non faltaron a unha Romaxe que un ano máis contou coa sempre xenerosa e afaible presenza da Quenlla para amenizar a celebración, deseño lírico e gráfico, do texto do escritor e membro dos Gosende, Carlos Solla. Pechada a tarde na néboa mesta, abriuse a tardiña na Carballeira de San Xurxo de Sacos para unha oración final que despediu ao grande a terceira década de Romaxes, emprazando aos dous mil irimegos para a XL edición, que promete ser especial.

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Crónica “A Romaxe faise de poesía, de música e de símbolos”

Beatriz García Turnes



Disque quen chega tarde, nin oe misa nin come carne. Para nós, que chegamos tarde á XXXIX Romaxe de Crentes Galegos, iso foi certo a medias. Non *comemos carne* ou, para o caso, o seica delicioso petisco de galleta mariñeira, queixo e mel que os romeiros puntuais recolleron a canda un fermoso marcapáxinas ao chegar ao alto do Monte do Seixo. Un recibimento mantedor que axudou os máis madrugadores a levar con alegría a espera, pois un problema co palco fixo que se atrasase case unha hora o inicio da celebración. Grazas a ese atraso, os impuntuais oímos *misa completa* e aínda tivemos tempo de saudar, antes do comezo, a todas esas

vellas amizades que un só atopa de ano en ano na festa irimega por excelencia.

De emoción en emoción

A de atopar os amigos e amigas é unha das alegrías que a Romaxe nos concede cada edición, e a primeira emoción dun día cargado de emocións. Ao rememorar o que aconteceu o pasado sábado 9 de setembro, non me veñen á cabeza as lembranzas por orde cronolóxica, senón por orde emotiva. E así, teño que empezar por falar de dúas homenaxes a cristiáns e galegos que son referentes para toda a parroquia de Irimia.

A primeira é a homenaxe a Pepe Chao, que puxo a andar as romaxes no ano 1977 con aquel “eu renazo galego”; bautismo irimego que quixemos revisitado o pasado sábado coa auga que nos ofreceron.

A segunda foi a homenaxe a Alexandre Bóveda, morto por ser cristián e galeguista. Alí estaba Amalia, a filla que non puido coñecer, e tamén o seu neto Valentín. A presentación que deles fixo Xabier, evocando a figura de Bóveda, e as intervencións próximas e sinceras de ambos os dous arrincaron os nosos aplausos e ergueron os nosos corazóns.

Un milladoiro irimego

Dende que tiveron nas mans os folletos co texto da Romaxe, os meus fillos

A homenaxe a Pepe Chao e á familia Bóveda arrincou aplausos e ergueu corazóns

e a miña sobriña comezaron a preocuparse, porque non vían por ningures a letra da Rumboia. Non habería baile ese ano?



Ao final, houbo Rumboia e mais por partida dobre e case tripla, pois cantouse e volveuse cantar mentres unha longuíssima cola de romeiros pasabamos bailando baixo a porta humana que fixeron os amigos e amigas de Capitán Gosende coas súas mans. As persoas que formaban esta porta ían caracterizadas coma xentes daquela terra que, ao longo da historia, dende o Padre Sarmiento ata os nosos días, se comportaran como “bos e xenerosos”. Máis alá da porta agardábanos unha vida comprometida cunha Galicia nova e distinta. Cada romeiro levaba consigo unha pedra traída do seu lugar de procedencia, pedra que depositou no milladoiro irimego que fomos creando entre todos para deixar testemuño desta nosa viaxe. A Romaxe faise de música, de poesía e de símbolos coma o do milladoiro, porque, igual ca estas tres cousas, fállalle á cabeza e tamén ao corazón.

Asistentes resistentes

Houbo moito máis, porque a celebración é longa -sempre algo demasiado longa- e dá para que por ela desfilen dende Santa Mariña ata os agoiros do tecelán de Carballás. Falouse moito de resistentes e de resistencia. Quizais para mostrar a nosa vontade de resistir outras dificultades, os



romeiros permanecemos atentos e participantes na celebración a pesar de que o día se foi cubrindo cunha néboa cada vez máis espesa e fría e que mesmo choveu por veces. Nada diso puido connosco. Alí estivemos ata o final. Este ano houbo, se cadra, menos xente ca outros, pero coido que máis metida na celebración, máis interesada nela.

“Bendita chuvia!” berrou espontaneamente unha das lectoras dende o palco. E certo é que chuvia xa ía

a xente estaba
toda moi metida
e interesada na
celebración

facendo falta. Ata foi bonito que a Romaxe fose chamar por ela, despois de tanto tempo sen que caese unha pinga con que darlle de beber á terra.

Carballeira de San Xusto

Visto que o día se estaba poñendo complicado, a organización acordou suspender a festa da tarde. Nós baixamos o monte buscando un sitio despexado para comer con algúns familiares e amigos. Nos soportais dunha antiga escola unitaria fixemos un xantar irimego coma o de calquera romaxe e, dende alí, dirixímonos á oración da tardiña.

Na famosa e magnífica Carballeira de San Xusto recollémonos e reencontrámonos no sosego do serán uns 100 romeiros que rematamos o día rezando e cantando.



Na Romaxe sorteouse unha fin de semana para 2 persoas, na Casa do Romualdo (Ribeira Sacra), durante o outono gastronómico. O número agraciado é o 2205. Se ninguén o reclamase, o premio pasaría ao número 985



Pingas de Orballo Nas Néboas de D. Álvaro Cunqueiro

Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero)



Por secuencia de persoas e relembrados debo referirme a Cunqueiro. Home grande, boa barriga, amigo de Fole, de Celestino Fdez. de la Vega, de Trapero... e moitos outros. Viña por Lugo e, sendo eu rapaz, vía cando ían ao Bar Progreso, diante da redacción do xornal, a risas cos seus amigos no trato dunha cunca de viño. Alto, coñecedor da máxica gastronomía do país e, por inventiva, da de todo o mundo e aínda sobremundo da Matria. Capaz de relatar o ignorado ou sequera presentido. Coas súas verbas deu creto para facer, aquel seu soño, auténtico. Eran grandes amigos, capaces de calquera perdón, desprendían a saudable envexa de cadrar con xentes así, a fondo perdido, na ledicia en harmonía que non ten prezo. Lence Santar corría atrás del reclamándolle o libro manuscrito e orixinal que lle mangara! Eran grandes coma os nenos, bos oradores e especialistas da divagación, fuxían aos eidos da fantasía, territorio de tanta estima, onde navegaban aventuras.

Nunca deixou a poesía, sublime irmá das máis fondas esencias. Nela rompeu co rigorosamente correcto. Fíxoo con mestría encomiable, digna de ter en conta en calquera estudo que se prece de ser. E os *Poemas do si e do non*, ou a *Cantiga nova que se chama Riveira*, ou *Merlín e familia* ou as *Crónicas do Sochantre*... Inauditas en soños que todos temos, pero que só el soubo tecer. Relouco cos seus relatos sobre do rural, tipos populares, menciñeiros, mendigos, remedios, meigas, crenzas de aquí e do sobrehumano, costumes e ritos, fontes, ermidas, doenzas que se curan e non, medicinas da alma, contos, lendas, herbas e poderes alucinóxicos, fantasías voadoras que nos evaden da realidade e que nola fan esquecer por momentos coa Lingua en posesión e nas imperecedoiras verdades do efémero. Razoaba co meu irmán Manuel que a mellor profesión era a de perito agrícola. Sobre todo por terras do Val de Lourenzá, porque —dicía— desde o Diluvio Universal seguen a discutir onde poñer os marcos das leiras que con tanta

auga se moveron. Moito traballo, non só medindo senón poñéndoos de acordo. Xentes, trazos e personaxes que nos levan por enredos puramente imaxinativos baseados na diverxencia caprichosa dos feitos, na paisaxística humana chea de maxia ou naquela poesía que se instala na tenrura fugaz do xogo neotrobadoresco que demostran a veracidade de nós, por riba das maledicencias.

Fóra das teimas ideolóxicas nas que, coido, caeu polo tanto medo ás ameazas que puideran recaer nos seus, e que lle provocaron tantos detractores, quedou sen un xuízo correcto por parte dos que poderían ser os seus mellores valedores. Mágoa deixarse levar polos fanáticos da barbarie. En honor á verdade, hai que insistir que foi un gran poeta e escritor, dos mellores e máis recoñecidos. Fixo arte do seu saber co seu compartir, como cando quedara a xantar co Celestino F. de la Vega e con Ánxel Fole nunha casa de comidas da Tolda, á beira do Miño, quizais na Casa Amadora. Chegou en tempo, antes ca eles e pediu troitas. Foi

comendo mentres agardaba xa na mesa. Mollaba en viño de Quiroga para lle agradar ao Fole. Nisto –un pouco despois- chegaron os outros, puxéronse á fonte de troitas con ensalada e cachelos. E conta Fole que cando el chegou, Cunqueiro levaba

comidas unhas quince, á vista das espiñas do prato, que só non comía cando eran grandes. Tan boas estaban que lles asistiu en todas e non deixaba que comeran sen el comer tamén, cumpridamente. Cando eles collían, el tamén pillaba. So-

bremesa, cafés, augardentes. Probadou quedou, contaba Fole: “comeu alomenos quince troitas máis cós outros, tamén tiña máis saco!”. Beberon e gozaron, ese era, seguro, o máis estimado prato a compartir.

Ler para camiñar

Juan Antonio Pinto Antón

Economía sin corbata. Conversaciones con mi hija.

Yanis Varoufakis. . (Ed. Destino)

Temos o dereito e o deber de entender de economía. A fin de contas, vén de oikonomia: goberno e administración da casa.

Recorda Stiglitz que non é só unha ferramenta para expertos, e pregunta: para que serve a economía se non axuda as persoas?

Por iso compre ler o libro de Varoufakis, economista, catedrático, ministro de finanzas grego con Syriza ata que foi devorado polos donos da UE.

Conversa coa súa filla e conversa connosco sobre cuestións que nos afectan, coma a riqueza e a pobreza. Onde nace e como medra a hidra das desigualdades. Quen son os donos dos cartos e onde se agachan os poderes escuros que moven o mundo. Que é iso dos mercados. Por que hai tanta desigualdade internacional e dentro das sociedades. Ou por que racionalizamos ata a súa aceptación desigualdades aberrantes. Por que confundimos o que xa denunciaba Antonio Machado: valor e prezo ou de como hai que redescubrir a utilidade do inútil. Por que esa pesada lousa da débeda que paraliza inoculando medo na sociedade como o inferno nas relixións? Por que o paradoxo da crise? (a desgraza da inmensa maioría supón o enriquecemento dunha inmensa minoría). Ou de como a quebra de moitísimos pequenos negocios de estatura humana incrementa a rendibilidade dos poucos que sobreviviron, xigantes inhumanos con pés de barro.

E unha solución: a política dirixindo a economía ou a democratización fronte ao perigo do diñeiro apolítico.

A dura escola da crise foi ensinando economía para andar pola casa, xusto de onde nunca debeu saír. Por iso necesitamos expertos con rostro humano, como Krugman, Stiglitz, este Varoufakis que, desde una óptica heterodoxa expliquen as grandes cuestións económicas. Sen gravata.



Xente d'Eiquí

Ramón e Efigenia, da parroquia de Oirán

Marta Sopena

A Galicia de abaixo arriba, a real, a voz dos que sosteñen o País sen propagandas, os méritos dos que non fan concursos de méritos. Esa é a xente que vive nun lugar chamado Eiquí. Todos coñecemos a alguén, son moitos e moitas. Teñen voz, simpatía a eito, retransca, humanidade en acción, ese heroísmo calado, feito de pequenas grandes historias. Eses son os protagonistas desta nova serie que hoxe inauguramos na nosa revista



Efigenia e Ramón viven en Oirán, concello de Mondoñedo, lindando xa con Foz. De a cabalo do interior e da mariña. Gandeiros e labregos de orixe e gandeiros e labregos de profesión. Agora están de retirada. Transitaron por todas as fases do campo galego: a subsistencia, a mecanización, o aumento da produción, e o incerto momento actual. Teñen un fillo que é técnico agrario, mais non exerce no lugar, se non que traballa levando conta e control dos pementos de Herbón e impartindo cursos que se sabe cando se dan pero non cando se cobran.

E logo ti de quen vés sendo?

Eu son “Efigenia”. Filla de Eladio Moreda García e da “viúva”. A miña bisavoa materna tivo 7 nenos. O meu bisavó creu que lle morrería a muller porque un can se lle enguedellou na perna ao tempo que lle ouveaba. Contoullo con desacougo a un veciño no muíño. Era un muíño de propiedade que só moía para a casa. De volta, meu bisavó morreu. Dende aquela,

que non multiplicar. Ensinárame miña nai. Botei pouco tempo na escola. Con 8-9 anos comecei a facer pequenos traballos entre os veciños para gañar para o tabaco de meu pai. Fun á escola ata os 14 anos pero non todos os días. Logo, miña nai enfermou e púxenme á fronte da casa. Tiña ansia de aprender: coser, cociñar... e non tiña oportunidade. Fun aprender a coser a Carballido, unha parroquia que testa coa nosa, durante 3 meses

recollendo e conservando para
o inverno, facendo vida,
coma fixen sempre

foi a casa da viúva. Son bisneta de muíneiro.

Miña nai casou cun veciño da parroquia. Eran primos terceiros. Fomos dous irmáns. Son a maior.

Como foi a túa escola?

Fun á escola na parroquia: 60 pícaros e pícaras. Comecei aos sete. Cando fun xa sabía ler, mais non escribir. Sabía tamén sumar e restar aínda

e 17 días. Non me gustaba pero necesitábo xa que non se podía comprar roupa e tiñamos que recompoñer a que había. E traballaba na casa: vacas, labrar o trigo, o millo, criar cochos ...

E ao pouco casaches..

Non. No 1971 fun servir a Donostia. Eu nacín no ano 45. Fun con 24 anos. Marchei porque pensei que alí tería oportunidade de ver e coñecer algo.

Ver mundo e aprender. Botei 2 anos e medio.

E logo por que deches volta?

Polo mozo, que despois foi e segue a ser o meu marido. Logo xa me dediquei ao campo. Eu non cambio isto pola cidade. Temos tranquilidade a pesar dos desgustos e traballos. Aínda que traballo aquí máis nun mes ca un ano en Donostia. O meu maior aprecio é o noso fillo. Pensando nel, por veces cavilo que sería mellor telo criado nun lugar algo máis grande. Aínda que fose unha vila. Na aldea todo é distante, sobre todo se pensas nos transportes que daquela había. Cando tiñamos escola na parroquia a cousa era mellor. Desde que xa non hai escola, perdes o seu contacto. Marchaban de mañá e volvían á tardiña. Gustaríame ter estado máis preto del antes de que fose para a universidade. Con todo, puider darlle unha carreira.

E agora en que lerias andamos?

Agora, de xubilada, sigo a traballar. Pero perdes facultades. Tes que ter algo que che obrigue porque se non, que fas? Poñerte diante da tele? Teño 3 vacas que me manteñen en forma o corpo e a cabeza: vou á herba, limpo a chousa e o monte... O outro día pasei a debrozadora e agora dá gusto velo. Coido das galiñas, coellos, algunha ovella... Gústame ter o gando porque me fai sentir útil. Tamén hai que limpar e ter conta da casa pero prefiro pasar máis tempo coidando a horta ou os traballos de fóra.

E que che preocupa?

O fillo. O traballo non o ten asegurado e xa vai en 40 anos. Bota currículos e está todo saturado. A vellez non me preocupa tanto. Non me animo a amañar máis a casa porque o fillo está lonxe e non tira para aquí. Está moi lonxe, en Santiago.

E o futuro da parroquia: Todo a bravo, portas pechadas, casas sen xente.



Todos vellos. O último neno nado na parroquia ten 7 anos. Seremos 90 persoas, e polo 1960, eramos 300. Neste lugar eramos 23. Agora somos 5 e todos ben maiores. Daquela comezou a emigración e foise a menos. Os emigrantes viñan con vestidos novos. Estaban dous días. Poñían aqueles vestidos e todos abraíados. Eu en Donosti comecei cobrando 4.000 pesetas e cheguei a 8.000 sen pedir subas. En ano e medio viña con vestidos novos variados. Na misa a xente víame ben vestida aínda que non tivese peseta na cartilla. Traía tres vestidos, para cada domingo o seu, e parecía rica.

Sempre pretendín cambiar as cousas, non ser conservadora. Saín polo mundo, coma criada para Donosti e aprendín a pensar e comparar. Ao chegar aquí a miña mente estaba máis aberta. Dei con curas (eu era moi relixiosa) que tamén me ensinaron a pensar, xa que pensaban diferente do que te rodeaba. Tamén mestres que pasaron por aquí. Tamén cursos, viaxes da extensión agraria, veterinarios...

Gustaríame pasar os derradeiros anos aquí. Que alguén me vaia axudando en traballos que eu xa non poida facer.



Xente d'Eiquí

Marta Sopena

Ramón e Efigenia, da parroquia de Oirán

E ti Ramón?

Nacín na casa de Ramón de Romualdo, na aldea da Madeira, en Oirán, no 38. Meu pai era Antón de Romualdo e miña nai María, que naceu en Santa Cilla (Foz). Meus pais vivían do campo. Tiñan 5-6 vacas, ovellas, polos, besta, coellos, galiñas, cochos. Con 7 anos fun á escola, da parroquia, ata os 14. Eu ía sempre. Non faltaba. Na escola estabamos todos xuntos. Aos 14 anos dediqueime ao campo. Eramos dous irmáns.

Con 21 anos fun ao servizo militar. Casei con 36 anos. Sempre fun amigo de estudar e ler: libros, prensa... Tanto Figenia coma min. Gustoume sempre escoitar, intercambiar opinións, falar cos veterinarios que exercían por aquí, ía á Cámara Agraria para ver de tratar da limpeza dos camiños, das posibles melloras na parroquia; incluso falar coa Garda Civil, na que había de todo. Cos curas non tiña relación. Non é que non fose crente pero víaos lonxe de min. Logo comezou a haber alcaldes cos que podía falar dos servizos da parroquia, e iso aínda en tempos da ditadura. Todo era moi limitado, porque case que non ousabas expresarte diante de curas, mestres, médicos... pero ías aprendendo.

Xa dixen que traballei no campo: vacas de carne e logo de leite. Estudamos ao fillo. Atendemos aos montes, á horta, participamos na sociedade



de produtores de leite. Axudei no que puiden aos veciños coa electrificación, as pistas, a traída de auga...

O que máis valoro da contorna é a natureza, a miña casa, o traballo cos animais, a liberdade que sinto. Non me gusta un edificio. E estimo ben os encontros veciñais que mantemos: o Magosto, o Entroido, o Lume Novo e o 15 de agosto. Xuntámonos no local da asociación de veciños a xantar e festexar.

Como albiscas este tramo final do teu percorrido?

Véxoo con preocupación. Menos xente, os campos quedan abandonados. Perdes relación, non saes, traballas menos, relaciónaste só con vellos e... faste máis vello aínda. Non percibo que vai ser da xente nova e preocú-

pame. Cantas veces matino niso de ter que mercar fóra o que podemos producir aquí, que che parece?

Cando non poida, quixera seguir na miña casa, véndome cos maiores coma min, comer xuntos aínda estando cada un na súa casa, na parroquia, pagando a alguén que nos fixese a comida, axudarse entre todos para ir á farmacia, ao médico, ás compras; ter un local común, no canto de estar soíños. Unificar servizos e axudámonos

E namentres?

Mentres... aquí me tes. Mirando polos montes e as vacas, preparando na horta, as patacas, o repolo, as leitugas, as cebolas... Tamén nas froiteiras, as mazás, as castañas, as noces, as peras... Recollendo e conservando para o inverno, facendo vida, coma fixen sempre.



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas


DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova

CONCENTRACIÓN DE LA RIQUEZA EN ESPAÑA
REPARTO DE LA RIQUEZA EN EL 2015 POR GRUPOS DE POBLACIÓN



Confíade en Deus

Lucas é o evangelista que máis sensibilidade ten en relación as diferenzas entre ricos e pobres e no seu escrito evidencia con frecuencia como esta inxustiza social non ten o favor de Deus. Na parábola de hoxe presenta de forma moi gráfica o abismo que no século primeiro separaba a quen tiñan bens e honra de quen non tiñan nada. A forza das imaxes pon ante o lector/a a crueza da situación, pero non para espertar sentimentos de magoa ou rabia, senón para evidenciar unha clave teolóxica fundamental para o autor.

O relato está dirixido a aqueles fariseos que cren que as súas riquezas son froito da súa xustificación ante Deus e polo tanto xa o teñen todo gañado. Porén, recollendo a mensaxe de Xesús, Lucas nega esta crenza afirmando que a xustiza de Deus camiña por outros vieiros. O contraste entre Epulón e Lázaro vai mostrando cales son as actitudes que capacitan para formar parte da familia do Reino. Toda a piedade e fe que parece posuír o fariseo non o levan cara a Deus, pois fáltalle o máis necesario: a confianza e a misericordia. Lázaro, que parecía abandonado da mirada de Deus pois nada tiña, é quen realmente foi xustificado no amor do pai.

Non é a pobreza ou a riqueza quen os fai diferentes ante Deus, senón a súa forma de relacionarse con el. As imaxes escatolóxicas do final do relato non queren espertar o medo dos lectoras/ess para que se porten ben e eviten o castigo: están aí para mostrar que o importante é confiar no amor e a bondade de Deus e relacionarnos cos demais do mesmo xeito.

Carme Soto

**DOMINGO 25 DE SETEMBRO. XXVI
DO TEMPO ORDINARIO**

A PALABRA. Lc 16, 19-31

Naquel tempo, díxolles Xesús aos fariseos: «Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño fino, e que celebraba todos os días espléndidos banquetes. Ao pé da súa porta xacía un pobre chamado Lázaro, todo cuberto de chagas, que estaba desexando matar a fame co que caía da mesa do rico; e mesmo os cans se achegaban a lle lambelas chagas. Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos a seo de Abrahán. Morreu tamén o rico, e enterrárono. Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos, erguendo os ollos viu a Abrahán e mais a Lázaro no seu seo. Entón suplicoulle dicindo: “Ai, pai Abrahán, ten dó de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o lume”. (...)».

Nos anos 90 houbo unha película titulada *A marcha* na que os africanos/as botaban a andar, en milleiros, cara ao Norte rico para fuxir dunha morte segura por fame, pobreza extrema, guerras... Nos nosos días son os refuxiados/as os que marchan dos seus fogares e chaman ás nosas portas. Tanto na película como na realidade a resposta de Europa é a mesma: NON. Aí tedes os Epulóns e os Lázaros de hoxe en día.

Pero diredes que nós non temos a culpa e que non podemos facer nada por eles agás sentir mágoa ou dar algo de axuda. Pois tamén NON.

Para empezar xa me diredes a quen ... ides votar o 25-S. A quen recortaron a cooperación cos países empobrecidos ata o mínimo? A quen non deixan entrar a ninguén e por enriba están botando fóra aos de casa? A quen deixan morrer con listas de espera para operacións ou con axudas á dependencia que chegan demasiado tarde?

E que a crise... NON, coa crise os ricos estanse facendo aínda máis ricos.

E non me digades que son todos iguais, nin en política nin en ningún outro tema, iso é meter a xustos e pecadores no mesmo saco e hai diferenzas. E as diferenzas mudan a vida da xente para mellor ou para peor.

Olga Álvarez

Falando da lingua E volta a empezar...

Lidia e Valentina



E levastes un susto xeitosiño! Pensastes que nos botaran! Pois non! Simplemente nos pediron o noso recuncho para indicarnos como chegar á Romaxe e nós, faltara máis! Évos ben certo, o verán estase a despedir, os días son máis pequenos, comezou o curso para a rapazada e temos sensación de outono ao coller a rutina. Irimigos e irimegas ben sabemos que a cita que nos ofrece a Romaxe dá pé a ese final do verán, que este ano estivo protagonizado polo sol e pola calor abafante. Na Romaxe do mon-

te Seixo non pasamos moita calor, pero escoitamos –coma sempre– moitas falas.

Non eran os de alí os que falaban con seseo, pois ese trazo está reducido á costa atlántica, aínda que se falase con seseo hai moitos séculos en Cerdedo e mais en toda Galicia. Con gheada si que falaban nese concello e mais nos de arredor. Tampouco eran de alí os que dicían “nosoutros” e “vosoutros”;

que eses baixaron da Mariña de Lugo ou aínda da punta norte da provincia da Coruña. Tampouco eran aqueles que dicían “il” ou “iste, ise, aquil”.. Eses achegáronse da zona do sur de Lugo e da metade de Ourense. A aquela xente de Cerdedo habíadeslle oír falar de irmáns, eles e mais elas, camións e pantalóns

E tras da Romaxe, comezou un novo curso escolar, este xa coa aplicación da LOMCE nos niveis que faltaban, pero o que máis nos afecta a nivel lingüístico é que xa comezamos o sétimo

curso de aplicación do Decreto mal chamado do plurilingüismo. Nós non esquecemos ese texto, do que xa case ninguén fala, pero que introduciu explicacións en inglés en varias materias (a maioría, as que eran de obrigada impartición en galego). O texto que levou a eliminar o galego da etapa de infantil, especialmente nas zonas urbanas, (onde o contacto que teñen os nenos coa nosa lingua redúcese a aquelas familias que llo falan na casa, pero que non é suficiente para que o dean conservado). O Decreto, que afonda nos prexuízos e impide que en galego se expliquen as matemáticas ou outras materias científicas, baixo o argumento do tratamento igual para as linguas (como hai materias obrigatorias en galego, tamén ten que habelas en castelán). Mais a súa situación é moi desigual. Agora que se están celebrando os Xogos Paralímpicos podemos reflexionar sobre a razón de que os participantes en todas as categorías non competisen cos dos Olímpicos. Non teñen as mesmas condicións físicas para facelo. O galego e o castelán, tampouco. Non se poden poñer a competir na mesma pista para facer os mesmos quilómetros...

O Fachineiro do continuísmo

Pequenas vergoñas

Comezamos tempada dándolle continuidade á anterior. Como ben recordará a lexión de seguidores e seguidoras desta sección, antes do verán dedicámoslle un fachineiro (e unha extensa entrevista) á situación política no Brasil. Agora xa sabemos que se consumou un golpe de estado olímpico: chegaron máis lonxe, máis alto e máis forte de calquera marca democrática. Pero ao actual presidente Temer, non lle abonda, e dí que é unha pequena vergoña que o senado do seu país –á parte de botar a Dilma Rousseff– non a inhabilitase. E dío el, que é presidente pola porta de atrás, xa que nunca podería ser



elixido, ao estar el mesmo inhabilitado. Tanto lle ten: vai estar aí ata 2018 sen se presentar ás eleccións! Á parte do noso, en calquera outro país (quitando Brasil, quizais) tamén o presidente galego estaría inhabilitado para ser candidato logo de que o electorado puidese

ver a foto do iate dándose crema co seu amigo o narco. Alguén imaxina que un candidato de calquera outro partido que non fose o PP chegase a unha carreira electoral despois de semellante documento gráfico. Por certo, a foto non a busquen en moitos medios, á parte deste do que agora gozan.